

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

2701 *Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas.*

I

A Declaración do diálogo social para o impulso da economía, o emprego, a competitividade e o progreso social, asinada en xullo de 2008 polo Goberno, CEOE, CEPEME, CC.OO. e UGT, establece que «entre as fortalezas do noso sistema económico está, sen dúbida, o diálogo social que o Goberno e os interlocutores sociais conveñen en reforzar e dotar de maior relevancia ante a nova situación».

Neste marco, o 2 de febreiro de 2011, o Goberno e os interlocutores sociais subscribiron o Acordo social e económico para o crecemento, o emprego e a garantía das pensións, que aborda, entre outras medidas, a reforma das políticas activas de emprego, e inclúe programas de carácter extraordinario e urxente para a situación conxuntural. As liñas acordadas sobre esta reforma, e que son tidas en conta neste real decreto lei, teñen como principal obxectivo mellorar a eficiencia das nosas políticas de emprego, un obxectivo que se manifesta con maior necesidade e urxencia de alcanzalo na situación actual da economía e o emprego.

A consecuencia máis grave da crise económica e financeira no noso mercado laboral é o importante aumento das persoas en situación de desemprego. A enquisa de poboación activa, correspondente ao cuarto trimestre de 2010, cifra a taxa de paro no 20,33%, doce puntos por riba da existente a finais de 2007. Este nivel de desemprego, que afecta preto de 4.700.000 persoas, constitúe un custo persoal e social para moitos traballadores e traballadoras e para as súas familias, e, ademais, supón un lastre inasumible para o crecemento da nosa economía e do emprego.

Nesta conxuntura adversa xa se detectan actividades que están a xerar emprego e ás cales se debe poñer máis atención para favorecer o seu crecemento, pero son as ramas de actividade que máis postos de traballo perderon durante a crise as que, nos anos anteriores a esta, crearon máis emprego (principalmente construción, industria manufacturera, comercio, hostalaría e servizos de comidas e bebidas). Ademais, son actividades cun forte peso na ocupación total e nas cales se dá a maior concentración de emprego temporal.

Isto ilustra os problemas estruturais da nosa economía e as súas repercusións no funcionamento e na situación actual do mercado de traballo. O que confirma a necesidade inaprazable de promover un cambio de modelo produtivo que permita á economía española seguir avanzando cara a un crecemento económico robusto e sostido que se traduza nun nivel de creación de emprego capaz de reducir o número de persoas desempregadas.

Para afrontar esta situación, o Goberno está a acometer un conxunto de reformas estruturais e medidas urxentes no marco da Estratexia de economía sustentable, destinadas a acelerar a renovación do noso modelo produtivo coa finalidade de facer máis resistente a nosa economía fronte ás perturbacións externas, mellorar a súa competitividade a medio e longo prazo, fortalecer os piares do noso estado de benestar e xerar máis emprego. Nesta liña sitúanse, no que concirne ao ámbito laboral, as medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, e as actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.

Así mesmo, dentro desta perspectiva integral no impulso das reformas que o noso país necesita no contexto económico e laboral en que nos encontramos, adquiren a súa xustificación e plena dimensión as medidas urxentes para a mellora da situación do emprego que se establecen neste real decreto lei.

II

Na dirección do obxectivo de mellorar a situación do emprego no noso país, e como medida de carácter conxuntural, é necesario poñer en marcha en 2011 un plan de choque, con efectividade a curto prazo, dirixido especialmente á redución do desemprego de mozos e persoas no paro de longa duración, á recualificación profesional das persoas que esgotaron a protección por desemprego e á realización de accións de mellora da empregabilidade para persoas con especiais dificultades de inserción laboral, derivadas da súa baixa cualificación.

A primeira medida establecida neste real decreto lei é un programa excepcional de emprego para a transición cara á contratación estable, que persegue incrementar as posibilidades de colocación dos mozos e persoas en desemprego de longa duración mediante unha redución moi importante das cotas empresariais á Seguridade Social -que pode chegar ao 100%- para as empresas que creen novos postos de traballo a tempo parcial, sempre que a xornada oscile entre o 50% e o 75% da habitual e a duración do contrato non sexa inferior a seis meses.

Ademais, prevese que, no caso de que estes contratos teñan natureza temporal, a súa transformación en indefinidos, nas condicións previstas na norma, poderá dar lugar á obtención doutros beneficios.

A segunda medida é un programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, baseado en accións de políticas activas de emprego que permitan a súa recualificación para se incorporaren a novos postos de traballo, especialmente en sectores emerxentes e con potencial de crecemento. As persoas participantes nestas accións con menores rendas poderán recibir unha axuda económica de acompañamento do 75% do IPREM mensual, durante un máximo de seis meses.

Unha terceira medida consiste en accións de mellora da empregabilidade que, froito da realización de itinerarios individuais e personalizados de emprego, combinen actuacións de orientación e formación para o emprego dirixidas a mozos, a maiores de 45 anos en situación de desemprego de longa duración e a persoas procedentes do sector da construción ou doutros sectores afectados pola crise que, dentro destes colectivos, teñan dificultades de inserción laboral derivadas da súa baixa cualificación.

Finalmente, para responder mellor ás necesidades de recualificación das persoas desempregadas, e así incrementar as súas oportunidades de acceso a un emprego na conxuntura actual, dispónse que durante o ano 2011, nos plans de formación de oferta dirixidos prioritariamente a persoas ocupadas, a participación de persoas desempregadas oscilará entre o 20% e o 40% respecto do total de persoas que inician a formación.

III

A gravidade da situación do emprego, xa exposta, non permite aprazar a adopción de medidas que estimulen a contratación, nin daquelas que se dirixen a incrementar as oportunidades de emprego para grupos específicos de traballadores mediante a mellora da súa empregabilidade, especialmente daqueles que esgotaron a protección por desemprego. Estas medidas, con efectividade inmediata, teñen un carácter excepcional e, en consecuencia, están limitadas no tempo.

Finalmente, procede destacar a participación que as comunidades autónomas e os interlocutores sociais tiveron, coas súas achegas, no establecemento das bases que orientaron as medidas contidas neste real decreto lei, que, como se dixo anteriormente, forman parte esencial do Acordo social e económico suscrito entre o Goberno e os interlocutores sociais o 2 de febreiro de 2011.

Por conseguinte, a necesidade da inmediata aplicación das medidas que se adoptan constitúe o feito habilitante de extraordinaria e urxente necesidade que a Constitución exige no seu artigo 86 para aprobar este real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de febreiro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Programa excepcional de emprego para a transición cara á contratación estable.*

1. Poderanse acoller ás medidas previstas neste artigo as empresas que contraten, dentro do período dos doce meses seguintes á entrada en vigor desta norma, de forma indefinida ou temporal, persoas desempregadas inscritas ininterrompidamente na oficina de emprego polo menos desde o 1 de xaneiro de 2011, mediante un contrato de traballo a tempo parcial, e que reúnan algún destes requisitos:

- a) Ter unha idade igual ou inferior a 30 anos.
- b) Levar inscritas na oficina de emprego polo menos doce meses nos dezoito meses anteriores á contratación.

A xornada de traballo destes contratos deberá estar entre o 50% e o 75% da dun traballador a tempo completo comparable. Para estes efectos entenderase por traballador a tempo completo comparable o establecido no artigo 12 do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado por Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Nestes casos, as empresas terán dereito, durante os doce meses seguintes á contratación, a unha redución do 100% en todas as cotas empresariais á Seguridade Social, se o contrato o realizan empresas cuxo cadro de persoal sexa inferior a 250 persoas, ou do 75%, no suposto de que a empresa contratante teña un cadro de persoal igual ou superior a esa cifra.

2. Nos supostos de contratos temporais, poderán acceder ás reducións de cotas reguladas neste artigo os que se concerten por unha duración inicial prevista igual ou superior a seis meses, mediante calquera modalidade de contratación de duración determinada ou temporal, incluída a modalidade do contrato en prácticas, que permita a súa realización a tempo parcial conforme o establecido legalmente.

En ningún caso se poderá aplicar esta redución aos contratos de traballo asinados baixo as modalidades de interinidade e de revezamento.

3. Cando os contratos a que se refire este artigo se subscriban con persoas desempregadas que, cumprindo os requisitos previstos no número 1, sexan persoas con discapacidade, ou teñan acreditada a condición de vítima de violencia de xénero ou de violencia doméstica, ou se encontren en situación de exclusión social, as empresas poderán optar por aplicar as reducións de cotas establecidas neste artigo ou as bonificacións reguladas no capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, se concorren os requisitos correspondentes.

4. As empresas que, ao abeiro da medida establecida neste artigo, subscribisen contratos indefinidos, transcorrido o período dun ano de aplicación da redución de cotas, poderanse, se é o caso, acoller á bonificación que lles puidese corresponder de acordo coa Lei 35/2010, do 17 de setembro, ou co artigo 2 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, exclusivamente polo tempo que restase desta, descontando o período transcorrido de redución.

5. O disposto no número anterior será aplicable, así mesmo, no suposto de contratos temporais subscritos con persoas con discapacidade, ou que teñan acreditada a condición de vítima de violencia de xénero ou de violencia doméstica, ou se encontren en situación de exclusión social, respecto aos que a empresa optase pola aplicación das reducións de cotas segundo o previsto no número 3.

6. As empresas que, de acordo co establecido neste artigo, subscribisen contratos temporais e antes do transcurso dun ano desde a data de subscrición procedan á transformación en indefinidos dos ditos contratos, coa mesma xornada ou outra superior, terán dereito ás bonificacións de cotas establecidas no artigo 10 da Lei 35/2010, do 17 de setembro, se no momento da contratación inicial as persoas desempregadas contratadas reunían os requisitos a que se refire o dito artigo. Nestes casos, descontarase do período obxecto de bonificación o período transcorrido de redución.

7. Sen prexuízo do disposto no número anterior, as empresas que subscribisen contratos temporais aos cales se aplicasen as reducións de cotas establecidas neste artigo poderán transformar os ditos contratos en contratos indefinidos ordinarios ou en contratos de fomento da contratación indefinida a que se refire a disposición adicional primeira da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade, calquera que sexa a data de transformación sempre que esta teña lugar antes do transcurso dos doce meses seguintes á contratación inicial.

8. Poderanse beneficiar das reducións establecidas neste artigo as empresas e sociedades laborais ou cooperativas ás cales se incorporen traballadores como socios traballadores ou de traballo, sempre que estas últimas optasen por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea. Así mesmo, poderanse beneficiar desta medida os autónomos que contraten persoas traballadoras pertencentes a algún dos colectivos obxecto desta.

9. As contratacións efectuadas ao abeiro do establecido neste artigo deberán supoñer un incremento neto do cadro de persoal da empresa.

Para o cálculo do incremento neto do cadro de persoal da empresa, tomarase como referencia a media diaria de traballadores con contratos indefinidos ou temporais no período dos noventa días anteriores á nova contratación ou transformación, calculado como o cociente que resulte de dividir entre noventa o sumatorio dos contratos indefinidos ou temporais que estivesen en alta na empresa en cada un dos noventa días inmediatamente anteriores á nova contratación ou transformación. Excluíranse do cómputo os contratos indefinidos ou temporais que se extinguisen nese período por despedimento disciplinario declarado como procedente, dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez do traballador.

10. As empresas que se acollan a estas reducións estarán obrigadas a manter, durante o período de duración da redución, o nivel de emprego alcanzado coa contratación realizada.

11. O incumprimento por parte das empresas das obrigas establecidas nos números anteriores dará lugar ao aboamento das cotizacións correspondentes ás reducións aplicadas sobre os contratos asinados ao abeiro deste artigo afectados polo incumprimento.

12. No non previsto nesta disposición será de aplicación o establecido na sección 1.^a do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, salvo o disposto en materia de exclusións no seu artigo 6.1.c).

13. O Goberno e as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta medida, procederán á avaliación do impacto desta e ao estudo e, de ser o caso, proposta sobre a regulación do traballo a tempo parcial que inclúa, entre outros aspectos, o da protección social das persoas contratadas baixo esta modalidade.

Artigo 2. Programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.

1. Apróbase un programa específico de carácter nacional que inclúe medidas de política activa de emprego e axudas económicas de acompañamento, que terá unha duración de seis meses desde a súa entrada en vigor.

2. Serán beneficiarias deste programa as persoas inscritas nas oficinas de emprego como desempregadas por extinción da súa relación laboral que esgoten, a partir do 16 de febreiro de 2011, a prestación por desemprego de nivel contributivo e non teñan dereito a calquera dos subsidios por desemprego establecidos na lei, ou ben esgotaron algún destes subsidios, incluídas as súas prórrogas.

Non se poderán acoller a este programa as persoas que percibisen a prestación extraordinaria do programa temporal de protección por desemprego e inserción, nin as que esgotasen ou puidesen ter dereito á renda activa de inserción, nin as que esgotasen a renda agraria ou o subsidio por desemprego, ambos os dous en favor dos traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social.

3. As persoas beneficiarias deste programa terán dereito a:

a) Realizar un itinerario individualizado e personalizado de inserción, que recolla o diagnóstico sobre a súa empregabilidade, así como as medidas de política activa de emprego dirixidas a mellorala.

b) Participar en medidas de política activa de emprego encamiñadas á recualificación e/ou reinserción profesional necesarias para que se poidan incorporar a novos postos de traballo, especialmente en sectores emerxentes e con maior potencial de crecemento.

c) Recibir unha axuda económica de acompañamento do 75% do IPREM mensual, ata un máximo de seis meses, cando a persoa solicitante careza de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75% do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Se a persoa solicitante da axuda ten cónxuxe e/ou fillos menores de 26 anos, ou maiores desa idade con, polo menos, unha discapacidade do 33% ou menores acollidos, entenderase cumprido o requisito de carencia de rendas cando, ademais de cumprir o requisito de carencia de rendas previsto no parágrafo anterior, a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar así constituída, incluída a persoa solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o 75% do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Consideraranse rendas as recollidas no artigo 215.3.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Así mesmo, computarase como renda o importe dos salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas.

4. No suposto de que estas persoas teñan dereito a percibir os salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas, a axuda económica prevista no número anterior sumada ao importe daquelas non poderá superar o 75% do salario mínimo interprofesional. No caso de se superar este límite, descontarase da axuda regulada no número anterior o importe que exceda a dita cantidade.

5. As persoas beneficiarias deste programa virán obrigadas a participar nas accións de políticas activas de emprego e de busca de emprego que lles propoñan os servizos públicos de emprego. A axuda prevista na letra c) do número 3 poderase solicitar unha vez iniciado o itinerario individualizado e personalizado de inserción establecido na letra a) do citado número, e a súa percepción estará condicionada á participación nel.

6. Corresponde aos servizos públicos de emprego a competencia de programación e xestión das medidas de política activa de emprego deste programa. Para estes efectos, destinarán o número de orientadores, promotores de emprego e persoal propio necesario para a atención individualizada das persoas beneficiarias, e programarán as accións de recualificación e/ou reinserción profesional que aseguren o acceso e participación delas nestas accións.

7. O Servizo Público de Emprego Estatal será o encargado da concesión e pagamento das axudas económicas de acompañamento, en aplicación do disposto no artigo 13.e) 4.º da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, as cales se tramitarán en réxime de concesión directa, segundo o establecido no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

8. O Servizo Público de Emprego Estatal aboará as axudas económicas de acompañamento para a recualificación profesional de xeito directo ás persoas beneficiarias, polo procedemento de nóminas mensuais, e ratearanse os períodos inferiores ao mes atendendo á data de inclusión efectiva neste programa. Descontaranse proporcionalmente as cantidades que correspondan pola falta de participación efectiva nas accións e medidas incluídas no itinerario individualizado de inserción.

O financiamento destas axudas realizarase con cargo aos créditos establecidos para o efecto no orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal. Estas axudas poderán ser obxecto de xustificación para o seu cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, logo de cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa nacional e comunitaria.

9. Co fin de garantir o correcto funcionamento deste programa e garantir as mesmas posibilidades de acceso a todos os seus potenciais beneficiarios, habilitase o Servizo Público de Emprego Estatal para desenvolver o procedemento de concesión e pagamento das axudas, así como para establecer os mecanismos necesarios de coordinación e intercambio de información cos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas.

10. Co fin de analizar os resultados obtidos pola aplicación desta medida, avaliarase con anterioridade á data de finalización da súa vixencia.

Artigo 3. Accións de mellora da empregabilidade que combinen actuacións de orientación profesional e formación para o emprego.

1. Os servizos públicos de emprego dirixiranse, durante un ano desde a entrada en vigor desta norma, a mozos, a maiores de 45 anos en situación de desemprego de longa duración, a persoas procedentes do sector da construción e doutros afectados pola crise que, dentro destes colectivos, teñan baixa cualificación, para levar a cabo accións de mellora da súa empregabilidade, mediante itinerarios individuais e personalizados de emprego, que incrementen as súas oportunidades de ocupación.

2. No seo do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego acordarase, no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta norma, un protocolo de coordinación, aplicación e seguimento da posta en marcha desta medida, e avaliaranse de xeito continuo os resultados para realizar os axustes e melloras necesarios.

3. Os servizos públicos de emprego destinarán á realización dos itinerarios individuais e personalizados de emprego para os colectivos mencionados o número de orientadores, promotores de emprego e persoal propio que determinen, en función dos obxectivos establecidos no protocolo citado no número anterior. Para este fin, poderán tamén contar co apoio de entidades colaboradoras.

4. As accións de políticas activas de emprego, e especialmente as de formación profesional para o emprego e de emprego-formación, cubrirán prioritariamente todas as actuacións que, como resultado da elaboración dos itinerarios, requiran as persoas desempregadas beneficiarias do plan para mellorar a súa empregabilidade.

5. Para o colectivo de mozos con especiais problemas de cualificación promoverase o seu achegamento ás empresas, favorecendo para iso a utilización dos contratos formativos e cantas outras medidas faciliten a súa transición da educación ao traballo. Así mesmo, promoveranse accións que comporten unha maior coordinación entre as administracións educativas e os servizos públicos de emprego, co obxecto de reducir as taxas de abandono escolar temperán e de completar e mellorar os niveis de educación e formación daqueles mozos que abandonaron os seus estudos.

Artigo 4. Inclusión de persoas desempregadas nas accións formativas dirixidas a persoas ocupadas.

Durante o ano 2011, os servizos públicos de emprego garantirán que, nas convocatorias de axudas, os acordos, convenios e contratos que se asinen para a execución dos plans de formación de oferta dirixidos prioritariamente a persoas ocupadas, participen no conxunto do correspondente plan e en relación co total de persoas que inicien a formación dentro deste, entre un 20% e un 40% de persoas desempregadas.

Así mesmo, os servizos públicos de emprego establecerán as medidas oportunas para asegurar o acceso das persoas beneficiarias deste real decreto lei ás accións formativas que se programen durante 2011.

Disposición adicional primeira. Financiamento da axuda para a recualificación profesional das persoas que esgoten a protección por desemprego.

Un. Incidencia no orzamento de gastos do Estado.

1. Para atender o financiamento das axudas para a recualificación profesional das persoas que esgoten a protección por desemprego, a que se refire este real decreto lei,

concédese un suplemento de crédito ao orzamento da sección 19 «Ministerio de Trabajo e Inmigración», servizo 03 «Secretaría Xeral de Empleo», programa 000X «Transferencias internas», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 41 «A organismos autónomos», concepto 412 «Para financiar o orzamento do Servizo Público de Empleo Estatal», por un importe de 200.000.000,00 de euros.

2. O suplemento de crédito que se concede no número anterior financiarase con débeda pública, e quedará sen efecto o disposto no artigo 16 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, nos artigos 50.1 e 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, respecto do financiamento dos suplementos de crédito con Fondo de Continxencia.

Dous. Incidencia no orzamento do Servizo Público de Empleo Estatal.

O suplemento de crédito a que se refire o número anterior financiará unha ampliación de crédito no orzamento do Servizo Público de Empleo Estatal, nos seguintes termos:

Orzamento de ingresos

Aumentos

Denominación		Importe (euros)
19.101.400.02	Para financiar o orzamento do Servizo Público de Empleo Estatal.	200.000.000,00
Total		200.000.000,00

Orzamentos de gastos

Suplemento de crédito

Denominación		Importe (euros)
19.101.241A.482.26	Axudas para a recualificación profesional das persoas que esgotaron a prestación por desemprego.	200.000.000,00
Total		200.000.000,00

Disposición adicional segunda. *Estratexia global para o emprego das persoas traballadoras de máis idade.*

O Goberno, no prazo de seis meses, en colaboración coas comunidades autónomas e coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas, elaborará unha Estratexia global de emprego das persoas traballadoras de máis idade que inclúa medidas en materia de emprego, formación e condicións de traballo, cos obxectivos de favorecer o mantemento no mercado de traballo destas persoas e promover a reincorporación a el daquelas que perden o seu emprego nos últimos anos da súa vida laboral.

Disposición adicional terceira. *Modificación da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.*

Engádese un novo punto 4.º no artigo 13.e) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, coa seguinte redacción:

«4.º Programas que se establezan con carácter excepcional e duración determinada, cuxa execución afecte todo o territorio nacional, sendo imprescindible a súa xestión centralizada para os efectos de garantir a súa efectividade, así como idénticas posibilidades de obtención e desfrute a todos os potenciais beneficiarios.»

Disposición adicional cuarta. *Reforzamento dos servizos públicos de emprego.*

O Goberno, antes do 31 de decembro de 2011, realizará, no marco do Sistema Nacional de Emprego, un plan estratéxico para que o Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas avancen progresivamente na mellora dos seus recursos humanos, materiais e tecnolóxicos. Para iso, entre outras medidas, procurarase a consolidación dos fondos de modernización que anualmente se distribúen na Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, e o incremento gradual do número de efectivos dos servizos públicos de emprego, co obxecto de incrementar a calidade e eficacia dos servizos que prestan, de lograr a súa universalización e de converxer cos países da nosa contorna nesta materia.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro dos títulos competenciais previstos no artigo 149.1 da Constitución, nos seus puntos 7.^a e 17.^a

Disposición derradeira segunda. *Execución e desenvolvemento.*

Facúltase o Goberno e a persoa titular do Ministerio de Traballo e Inmigración para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto lei.

Así mesmo, facúltase a persoa titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas resolucións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Remisións á entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado.*

Calquera referencia á entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado contida na regulación dos impostos estatais de carácter directo entenderase efectuada á Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado a partir da súa constitución.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de febreiro de 2011

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO